

O proxecto para a EDAR de Sergude superou o trámite medioambiental

O proxecto da nova depuradora de Sergude xa está máis preto de converterse en realidade. Tras superar o trámite medioambiental, o documento elevarase á consideración do Pleno municipal, que deberá darlle luz verde para despois expoñelo de xeito público.

O delegado provincial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro Tato, e o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández, visitaron os terreos nos que se construíra a futura infraestrutura. O investimento previsto para a mesma por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ronda os 1,8 millóns de euros e contarán con fondos Feader.

“Esta nova depuradora suporá unha mellora moi considerable na dotación do servizo de saneamento á nosa veciñanza, xa que contará cunha maior capa-



O rexedor boqueixanés, Manuel Fernández Munín, de fronte, acompañou ao delegado territorial na visita aos terreos

cidade”, indicou o rexedor boqueixanés.

Pola súa banda, Ovidio Rodeiro salientou que esta actuación “permitirá triplicar a capacidade da depuradora actual”. Dará servizo a unha poboación de 3.000 habitantes. “Con esta infraestrutura quedará garantido un sistema de saneamento e depuración óp-

timo para os vindeiros anos nas parroquias de Sergude e Lestedo e tamén para o polígono de A Susana”, concretou o delegado.

Segundo explican dende a Xunta, a nova EDAR de Sergude contará cunha primeira estrutura de pretratamento da auga, separando en tres contedores diferentes os residuos sólidos, as

graxas e as areas. Tras este proceso sitúase o tratamento biolóxico, cunha capacidade media de 44 metros cúbicos de auga á hora, inda que tamén pode tratar pico de ata 81 metros cúbicos. En caso de chuvias torrenciais que superen este caudal, o exceso enviarase a un depósito de retención ou tanque de tormentas.

Finalizadas as obras de mellora da seguridade viaria na DP-1201

O cruce da pista municipal de O Forte coa estrada provincial DP-1201 (de Rodiño a Codeso) xa conta cunha nova intersección. Deste xeito, garántese a visibilidade a través dunha actuación que supuxo un investimento de 131.000 euros.

“Grazas a estes traballos

acadaremos unha importante mellora da seguridade viaria nun cruce polo que transitan a diario numerosos vehículos. Trátase dunha zona cunha alta densidade de tráfico e que precisaba esta reforma de xeito urgente”, indicou o alcalde, Manuel Fernández Munín.



A renovada intersección coa estrada provincial mellora a seguridade viaria



Ovidio Rodeiro Tato, á esquerda, Manuel Fernández Munín, José Manuel Silva e Indalecio Cabana, durante a visita ás obras de reposición da cuberta no centro

Reposición da cuberta do edificio de Educación Infantil do CPIP Antonio Orza Couto de Forte

A Consellería de Educación está a ultimar as obras da cuberta do edificio de Educación Infantil do CPIP Antonio Orza Couto. A través dun investimento de preto de 50.000 euros optimizaranse non só as medidas de eficiencia enerxética, senón que tamén se evitarán posibles filtracións.

“Esta era unha mellora moi necesaria no colexio do Forte, xa que había problemas de filtracións neste edificio. Esta actuación vén a complementar os investimentos realizados nos últimos catro anos, por valor de máis de 70.000 euros”, indica o rexedor boqueixanés, Manuel Fernández

Munín. O alcalde visitou as obras xunto co delegado provincial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro Tato; o xefe territorial da Consellería de Educación en A Coruña, Indalecio Cabana, e o director do centro educativo, José Manuel Silva.

Os traballos de reposición da cuberta consisti-

ron na reposición da antiga por unha nova cubrición a base de panel sándwich de aceiro con aillamento intermedio. Por outra banda, colocouse outra capa de aillamento sobre o forxado do baixocuberta e substituíronse as canles e baixadas de PVC por outras de aceiro galvanizado.

Acometidos arranxos en máis dunha trintena de pistas e camiños

O Concello de Boqueixón vén de completar durante os meses de verán arranxos en máis dunha trintena de pistas e camiños municipais. Estas actuacións leváronse a cabo a través dos plans POS e PAI, ascendendo a inversión a preto de 470.000 €.

As actuacións chegaron á práctica totalidade das parroquias boqueixanasas

Así, entre outras actuacións aplicáronse asfaltados en camiños das parroquias de Oural, Lestedo, Sergude, Gastrar, Ledesma, Codeso, Pousada, A Granxa, Vigo e Loureda.

Pola súa banda, están pendentes de adjudicardos proxectos para aplicar aglomerado nos Camiños de Ledesma a Codeso e da AC-960 a Pumares.



O Concello completou melloras en diversos camiños e pistas municipais

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

O Concello dinamiza os mercados dominicais de Rodiño e Lestedo coas 'Feiras Activas'

O Concello de Boqueixón puxo en marcha o programa de dinamización dos mercados dominicais en Lestedo (primeiro e terceiro domingo de mes) e Rodiño (segundo domingo). Baixo o nome de Feiras Activas, esta iniciativa comprende “unha serie de actuacións e espectáculos cos que complementamos a oferta dos propios mercados e que se estenderán a ata finais de ano”, explica o concelleiro de Turismo boqueixanés, José Manuel Canabal.

“Quixemos poñer en marcha este programa para dar un novo pulo ás feiras dominicais. Pretendemos ofrecer un motivo máis para que a xente se achegue tanto a Lestedo como a Rodiño para coñecer de pri-

meira man os nosos mercados dominicais e aproveitar para visitar estas localidades e mercar ou consumir nos seus establecementos comerciais e hostaleiros”, concreta o edil.

A primeira das actividades desenvolveuse o pasado 11 de agosto na Carballeira de Rodiño, coincidindo coa celebración da I Feira da Xudía. Arredor de 500 persoas asistiron a esta xornada que ofreceu, entre outras actividades, degustacións de produto e diverso tipo de actuacións.

Un dos momentos máis concorridos foi a actuación de Kote Malabar, na que grandes e cativada desafiaron á choiva para gozaren dunha amena actuación. Malabares, música e moito



Un intre da actuación de Kote Malabar na carballeira de Rodiño

humor centraron o espectáculo *Cirkote*, que se viu interrompido na parte final por mor da choiva.

Seguintes citas

O programa *Feiras Activas* continuará o domingo 1 de setembro en Lestedo co espectáculo *Rogelio, un pallaso en recuperación*. O 8 de setembro será a quenda de Cándido Pazó co seu monólogo *Historias que veñen e van*. O día 15, no Campo da Feira de Lestedo, Rodesindo da Barrosa ofrecerá a súa actuación *O Afiador*.

Kote Malabar estreará a

programación de outubro o día 6 en Lestedo. Neste mesmo lugar ofrecerase o domingo 20 unha actuación do grupo Luz do Illicino, da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio.

Novembro será o mes das degustacións coa celebración o día 3 en Lestedo dun magosto que se complementará con Xogos Paporrubio e o domingo 10 en Rodiño, coas xornadas micolóxicas.

Finalizará a programación coa actuación de Estralampio e Loaira o 15 de decembro na Feira de Lestedo.

O CIM organizou un obradoiro de 'Graffiti pola Igualdade'

17 nenas e nenos de entre 9 e 12 anos participaron no obradoiro Graffiti pola Igualdade, organizado polo Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón e subvencionado pola Secretaría Xeral da Igualdade e polo Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

Esta proposta creativa comprendeu a elaboración dunha pintura mural creada pola mocidade. O lugar escollido foi unha



O grupo de participantes no obradoiro de 'Graffiti pola Igualdade' do CIM

das paredes do patio de Educación Infantil do CPIP Antonio Orza Couto. Así, “este espazo de recreo infantil converteuse nun lugar no que xa se visibiliza a loita pola igualdade a través desta forma de expresión artística que permite comunicar ideas, inquietudes e preocupacións da sociedade”, indican dende o CIM, ao tempo que amosaron a súa satisfacción pola excelente acollida.

CURSO
2019-2020

ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS BQXN

CURSO
2019-2020

Inscricións

- Realizaranse ata o día 20 de setembro no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com). Para judo e patinaxe, no Departamento de Deportes (deportes@boqueixon.com).

- Requírese un grupo mínimo de participantes para o inicio das actividades.

- Prazas limitadas segundo actividade. Preferencia de persoas empadroadas e alumnado dos centros educativos do concello.

Duración

- De outubro de 2019 a maio de 2020 (agás otioteca e inglés, ata remate do curso escolar). Madrugadores comezará e rematará co curso escolar.

- Días de actividade, segundo o calendario escolar.

Pagamento

- Realizarase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria.

- Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Descostos

- 2º fillo: 25%; 3º fillo: 50%; 4º fillo e sucesivos, de balde na mesma actividade.

- 2ª actividade: 25%; 3ª act.: 50%; Sucesivas: gratis.

ACTIVIDADE	PARTICIPANTES	LUGAR	HORARIO	CUSTO
Inglés	Infantil, Primaria e Secundaria	CPIP Antonio Orza Couto	Consultar horarios	25 €/mes (non inclúe material)
Inglés	Adultos	CPI Antonio Orza Couto	Consultar horarios	
Patinaxe	Infantil e Primaria	Pavillón de Lestedo	Venres 17.00-18.00 horas	10 €/mes
Judo	Primaria	Ximnasio Municipal	Martes e Xoves 16.15-17.15 horas	15 €/mes
Judo	Secundaria	Ximnasio Municipal	Xoves 17.15 horas	10 €/mes
Ocioteca	Infantil e Primaria	Casa Cultura Camporrado ou CPIP Antonio Orza Couto	Venres: 16.00-20.00 horas	10 €/mes
Madrugadores	Infantil e Primaria	CPIP Antonio Orza Couto	Luns a Venres: 08.00 horas ata comezo clases	30 €/mes Días soltos, 3 €/día
Máis información	Departamento de Cultura: 981 513 115 // cultura@boqueixon.com Departamento de Deportes: 636 731 721 // deportes@boqueixon.com			

* O Concello resérvase o dereito de efectuar modificacións de lugares, horarios, profesores ou anulación de grupos (de non existir grupo mínimo).

(Entenderase por 1ª actividade a de maior importe).

Baixas

Deberán presentarse por escrito no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com) ou no de Deportes (deportes@boqueixon.com), segundo corresponda, antes do día 20 do mes anterior.

MADRUGADORES

Novo servizo de conciliación da vida laboral e familiar, dirixido a escolares de Infantil e Primaria do CPIP Antonio Orza Couto.

Horario: de setembro a xuño (calendario escolar) de 08.00 horas ata comezo das clases.

Custo: 30 euros/mes. Días soltos: 3 €/día.

Descostos por número de fillos na actividade.

O almorzo correrá por conta das familias, podendo traelo preparado para servillo os/as monitores/as.

As familias que desexen acollerse, deben cubrir a ficha de inscrición específica (dispoñible na web municipal).

Máis información, no Departamento de Educación (981 513 115).



ACTÍVATE BQXN

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS



Inscricións

• As inscricións realízanse descargando a ficha da web www.boqueixon.com (actividades físicas e deportivas 2019-2020) e enviándoa a deportes@boqueixon.com ou de forma presencial no Departamento de Deportes.

• Requírese un grupo mínimo de 10 participantes/grupo e un máximo a determinar según actividade e espazo. No momento que o grupo quede reducido a menos de 10, anularase o grupo.

• Prazas limitadas, con preferencia de empadroados/as.

• Poderán participar menores a partir dos 16 anos (con autorización).

Duración

• De setembro de 2019 a xuño de 2020, agás ximnasia de maiores (de outubro 2019 a maio 2020).

• O calendario será de luns a venres, agás festivos.

Pagamento

• Realízase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria.

• Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Baixas

• Deberán presentarse por escrito en Deportes (deportes@boqueixon.com) antes do día 20 do mes anterior.

ACTIVIDADE	LUGAR	HORARIO	CUSTO	PAZAS
Pilates-Grupo I (iniciación)	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 19.30 h	15 €/mes	15
Pilates-Grupo II (avanzado)	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 20.30 h	15 €/mes	15
Pilates	Ledesma	Luns e mércores 17.30 h	15 €/mes	15
Pilates	Lestedo	Martes e xoves 21.30 h	15 €/mes	15
Zumba	Camporrapado	Luns e mércores 19.00 h	15 €/mes	20
Zumba	Ximnasio Municipal	Luns e mércores 20.15 h	15 €/mes	20
Zumba	Lestedo	Luns e mércores 21.30 h	15 €/mes	25
Bailoterapia	Ximnasio Municipal	Luns 19.00 h	10 €/mes	20
Bailoterapia	Lestedo	Mércores 20.15 h	10 €/mes	20
Ximnasia de maiores	Sergude	Luns e mércores - 16.00 h	15 €/mes	15
	Lestedo	Luns e mércores - 17.00 h	15 €/mes	15
	Lamas	Martes - 16.00 h	10 €/mes	15
	Ledesma	Martes e xoves 18.00 h	15 €/mes	15
	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 19.00 h	15 €/mes	20

Poderanse solicitar novos grupos de ximnasia de maiores noutras parroquias cun mínimo de 10 participantes

Máis información

Departamento de Deportes: 636 731 721 deportes@boqueixon.com

* O Concello resérvase o dereito de efectuar modificacións de lugares de actividade, instalacións, horarios, profesores,... segundo considere necesario.

Éxito da Noite Velada de Ponteledesma con centos de asistentes

Centos de persoas ateigaron o Campo do Río de Ponteledesma na terceira edición da Noite Velada. Organizada polo Concello de Boqueixón, esta cita rexistrou todo un éxito de convocatoria.

Máis de 400 candeas e fachos iluminaron a histórica ponte, resaltando a súa espectacularidade e ofrecendo un máximo ambiente no que a música foi a grande protagonista. Así, ofrecéronse as actuacións das agrupacións Estralampo, Luz do Ilcinio, Muxicas

da Silveira e de Manole de Felisa. Este último cantante interpretou varias cancións nas que se fixeron alusións ao municipio boqueixanés, a través das letras de poemas do escritor cruceño Xosé Neira Vilas.

Ademais, habilitáronse distintos postos de comida e bebida para as persoas asistentes. A cita completouse coa representación do conxuro da queimada, que correu a cargo do veciño Fernando Mouriño, para despois finalizar cunha degustación.



Máis de 400 candeas iluminaron a histórica ponte ofrecendo un ambiente máximo



Manole de Felisa interpretou pezas baseadas en poemas de Xosé Neiras Vilas



A 'Noite Velada' finalizou cunha representación do conxuro da queimada



Centos de persoas achegáronse ao Campo de Río para participaren nesta cita

Abertas as inscricións para o roteiro guiado 'Unha volta ao Pico' do día 15

O Departamento de Turismo do Concello de Boqueixón vén de abrir as inscricións para o roteiro guiado *Unha Volta ao Pico*. A actividade desenvolverase o vindeiro domingo 15 de setembro a partir das 09.00 horas e é de carácter gratuíto.

As persoas interesadas en participar nesta

proposta turística e de lecer deberán formalizar a súa inscrición a través do teléfono 981 513 061 ou enviando un correo electrónico a boqueixonturismo@gmail.com.

O punto de encontro será a Igrexa de Santa María de Lestedo. Desde alí comezará a ruta de 8,3 quilómetros e di-

ficultade media. As persoas asistentes poderán visitar o Pico Sacro e o antigo cemiterio de Lestedo, pasando pola Igrexa de A Granxa.

O percorrido finalizará no Campo da Feira de Lestedo, coincidindo co mercado dominical. Alí ofrecerase unha actuación a cargo de Volta e Dalle Teatro.



Un Verán Activo cheo de actividades

Un ano máis, o Verán Activo ofreceu multitude de actividades de lecer para a cativada boqueixanesa. Máis de 150 rapaces e rapazas de Educación Primaria e Secundaria gozaron durante os meses de xullo e agosto de variadas propostas para o seu tempo de vacacións.

Actividades deportivas e acuáticas, obradoiros de manualidades e excursións complementáronse con distintos cursos estivais de natación, hípica, patinaxe e pintura. Así, no primeiro caso, 45 nenas e nenos asistiron ás distintas sesións, que se dividiron en dúas categorías: iniciación e perfeccionamento. Pola súa banda, 15 rapazas e rapaces asistiron ás clases de patinaxe.

Como novidades deste ano, ofrecéronse cursos de hípica (con 8 participantes) e de pintura (con 14 cativos e cativas asistentes). Todas estas propostas combináronse coas variadas actividades previstas dentro do programa de conciliación Verán Activo ofertado polo Concello de Boqueixón.



O alcalde, Manuel Fernández Munín, fixo entrega duns diplomas e agasallos conmemorativos ao alumnado de natación



Participantes e docentes das sesións de patinaxe



O curso de Hípica ofreceuse por primeira vez este ano



O rexedor, cos rapaces e rapazas das clases de pintura



Nova actividade de 'Ler Conta Moito'

A Biblioteca Municipal de Boqueixón continuou co seu programa *Ler Conta Moito* cunha nova actividade no Forte. Desta volta, ofreceuse o espectáculo *Xogo Revolto* de Teatro Marionetas Trécola.



Máis de 60 persoas na 'Noite de Cine'

Máis de 60 persoas participaron na segunda sesión da *Noite de Cine* organizado polo Concello, en colaboración coa Deputación da Coruña. A cita desenvolveuse no Campo da Festa de Camporrapado e proxectouse *Maimiño*.

O campo da Silveira acolleu o sexto Trofeo de Fútbol Concello de Boqueixón

O Concello de Boqueixón organizou, por sexto ano consecutivo, o seu Trofeo de Fútbol. A cita desenvolveuse no campo municipal da Silveira, en Camporrapado, e ofreceu un emocionante encontro entre dous grandes equipos de

2ª División B: o R.C. Celta B e o R.C. Ferrol.

Numerosas persoas acudiron a este partido, que se saldou coa victoria do R.C. Celta B por 1-0, proclamándose campión do VI Trofeo de Fútbol do Concello de Boqueixón.



Foto de grupo dos dous equipos participantes no VI Trofeo de Fútbol

AXENDA DO MES DE SETEMBRO

Domingo
1

**Feiras Activas:
Espectáculo Rogelio,
un pallaso en
recuperación**

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde
Espectáculo de teatro ofrecido por Assircópatas.

Inscripcións

Dende o luns
2

**Curso Formadas no
Dixital: Aumenta as
oportunidades laborais**

Actividade formativa do CIM
Martes e mércores de outubro
Obxectivos: Formación en novas tecnoloxías orientada á busca de emprego e a potenciar as habilidades dixitais. Actividade financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade e polo Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade. Inscripcións e máis info., no CIM.

Entre
2 e 10

Verán Activo

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Quenda de setembro do programa de conciliación estival, que finaliza o 10. Dirixido a escolares de Educación Infantil e Primaria.

Xoves
5

**Observación
astronómica**

Pico Sacro
21.30 horas
O programa *Camiño das Estrelas. As estrelas do Camiño* ofrece un visionado da lúa crecente dirixido polo

Venres
6

**Lecer na Piscina:
Os Tres Tenedores
de Odaiko**

Piscina municipal de O Forte
18.30 horas
Espectáculo dirixido a público infantil dentro do programa Cultura no Camiño. Actividade patrocinada por O teu Xacobeo, AGADIC; Consellería de Cultura e Turismo e Xunta de Galicia.

Venres
6

Noite de Cine: Coco

Campo da Festa de Lestedo
22.00 horas
Entrada de balde
Proxección do filme de animación para público familiar. Colabora: Deputación da Coruña.

Domingo
8

**Feiras Activas. Cándido
Pazó: Historias que
veñen e van**

Carballeira de Rodiño
12.30 horas
Entrada de balde
Monólogo de Cándido Pazó dirixido ao público adulto.

Domingo
15

**Roteiro guiado:
Unha volta ao Pico**

Igrexa Sta. Mª de Lestedo
09.00 horas
Entrada de balde
Percorrido de 8,3 quilómetros. Inscripcións, no Departamento de Turismo de Boqueixón.

Domingo
15

**Feiras Activas:
Espectáculo Rodesindo
da Barrosa. O añaador**

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde
Sesión de artes escénicas a cargo de Volta e Dalle Teatro.

Jueves
26

**Obradoiro sobre a
factura de luz e gas**

Concello de Boqueixón
De 18.00 a 19.30 horas
Entrada de balde
Fundación Naturgy ofrece unha actividade destinada á poboación xeral sobre a interpretación da factura de luz e gas, métodos de aforro enerxético e o Bono Social.

e en outubro...

Domingo
6

**Feiras Activas:
Espectáculo de
Kote Malabar**

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde
Actuación protagonizada por Kote Malabar e dirixida ao público familiar.

Domingo
20

**Feiras Activas:
Actuación de
Luz do Ilicino**

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde
Música a cargo deste grupo de Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio de Lestedo.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com